




Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA: GT3000E RCG	Documento 36015I0175	
Código de verificación  3W72 5C12 0A69 2L4T 07P1	Expediente 360/2021/133	
	Fecha 28-06-2021	

ASUNTO: INFORME SOBRE A CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE REDACTAR E APROBAR UNHA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS EN SOLO, SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

O informe da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña de data 25 de febreiro de 2019, respecto da ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos en solo, subsolo e voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza conclúe que, **o Concello debería modificar con carácter inmediato a redacción de tal Ordenanza Fiscal**, que na súa redacción actual é contraria ao dereito comunitario, ao permitir esixirlle a taxa ás empresas de telefonía «tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, ou son de dereitos de uso, acceso ou interconexión á rede» (art. 2 da Ordenanza), e porque o sistema de cálculo da cota tributaria que utiliza consiste en aplicarlles a porcentaxe de 1,5% sobre a facturación bruta que obteñan anualmente no termo municipal o que non se adecúa aos principios de obxectividade ou xustificación obxectiva e proporcionalidade consagrados na Directiva Autorización.

O 26.04.2021 ,a sentenza da Sala Terceira do contencioso administrativo do Tribunal Supremo avalou en aplicación da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 27.01.2021 a taxa municipal por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local ás compañías que actúan no sector da telefonía fixa e de acceso a Internet. O alto tribunal fixou como doutrina ao respecto o seguinte: *“Las limitaciones que para la potestad tributaria de los Estados miembros se derivan de los artículos 12 y 13 de la Directiva 2002/20/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 7 de marzo de 2002, relativa a la autorización de redes y servicios de telecomunicaciones (Directiva autorización), tal como han sido interpretados por la STJUE (Sala Cuarta) de 27 de enero de 2021, Orange, C-764/18, no rigen para las tasas por utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local exigidas a las compañías que actúan en el sector de la telefonía fija y de los servicios de internet, tanto si éstas son las titulares de las redes o infraestructuras utilizadas como si son titulares de un derecho de uso, acceso o interconexión a las mismas”*.

Na mencionada sentenza do TXUE estableceuse que os artigos 12 e 13 da Directiva autorización na súa versión modificada pola Directiva 2009/140, *“deben interpretarse en el sentido de que no se oponen a una normativa nacional que impone, a las empresas propietarias de infraestructuras o de redes necesarias para las comunicaciones electrónicas y que utilicen estas para prestar servicios de telefonía fija y de acceso a Internet, una tasa cuyo importe se determina exclusivamente en función de los ingresos brutos obtenidos anualmente por estas empresas en el territorio del Estado miembro de que se trate”*.

Conforme ao disposto no propio artigo 24.1.c) do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) non se inclúe na regulación da antedita ordenanza a taxa por servizos de telefonía móbil que hai que encadrar nos supostos do artigo 24.1.a) do antedito texto refundido..

A ocupación do dominio público local polas empresas de telefonía móbil non pode ser gratuíta porque isto vulneraría os principios constitucionais de igualdade tributaria e xeneralidade. A utilidade para



estas empresas consiste en poder despregar no subsolo das vías municipais cables ou fibra óptica que permita conectar os distintos elementos de rede de modo que resulten aptos para prestar os servizos de comunicación.

A elaboración e aprobación da ordenanza municipal reguladora da taxa por Utilización Privativa e aproveitamentos especiais constituídos en solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil require a realización dunha consulta pública previa ao abeiro do disposto no artigo 133 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así pois e por prazo de 20 días hábiles a contar desde a publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal, co obxecto de recadar a opinión dos suxeitos e entidades mas representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre as seguintes cuestións

- a) Que se pretende solucionar ca iniciativa
- b) Necesidade e oportunidade de aprobación
- c) Obxectivos da norma
- d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

- Que se pretende solucionar ca iniciativa

A utilización do dominio público debe ser regulada correctamente de tal forma que responda aos principios de igualdade tributaria e xeneralidade. Trátase de cubrir un vacío normativo de forma tal que todos os contribuíntes que utilicen o dominio público tributen conforme a súa capacidade económica

- Necesidade e oportunidade de aprobación

A modificación responde a necesidade de cumprir cos principios establecidos no artigo 31 da Constitución, garantindo de forma adecuada a audiencia e a participación da veciñanza

- Obxectivo da norma

A finalidade da norma non é outra que homoxeneizar a valoración da utilidade do dominio público cedido e o réxime de cuantificación regulado para a taxa de “móviles” co previsto para a utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo da vía pública polas empresas explotadoras de servizos de subministración que lle afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non existen solucións alternativas a imposición da ordenanza dado que a natureza das taxa fai esixible a regulación a través dunha nova ordenanza fiscal de acordo co disposto no artigo 15 do TRLRFL.

Para facilitar o debate público achégase como anexo un borrador co posible contido da Ordenanza, sen prexuízo da súa modificación no proceso.

A cidadanía e as organizacións representativas potencialmente afectadas por esta nova ordenanza poderán facer chegar as súas opinións e suxestións sobre os aspectos incluídos nesta consulta pública, nun prazo de vinte días hábiles (que se contarán a partir do seguinte ao da súa publicación na web municipal), mediante o formulario accesible na propia web do Concello.



ANEXO: Borrador de Ordenanza

ARTÍCULO 1 : DISPOSICIÓN XERAIS, NATUREZA E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da Coruña establece a Taxa por Utilización Privativa e Aproveitamentos Especiais Constituídos no Chan, Subsolo ou Voo da Vía Pública a favor de Empresas Explotadoras de Servizos de Telefonía Móbil, que se rexerá por medio de ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 24.1.a) e concordantes do citado texto refundido.

ARTICULO 2. FEITO IMPOÑIBLE:

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e outros bens de uso público municipal, por empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil cuxos servizos se presten mediante utilización total ou parcial de recursos da súa titularidade tales como antenas, microceldas, redes ou instalacións que ocupen materialmente o dominio público municipal.

2. Considerase prestado dentro do termo municipal da Coruña todos os servizos que pola súa natureza, dependan ou estean relacionados directa ou indirectamente co aproveitamento do voo, solo ou subsolo da vía pública ou estean en relación con este.

ARTÍCULO 3 SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, titulares das correspondentes antenas, microceldas, redes ou instalacións a través das que se efectúen as comunicacións.

ARTIGO 3. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria, en función dos recursos útiles para a telefonía móbil instalados neste concello e do valor de referencia do solo municipal, cuantificarase individualizadamente para cada operador mediante a aplicación da seguinte fórmula de cálculo:

$$CT = \text{€/m}^2 \text{ básico} \times \text{CPM} \times \text{FCA} \times \text{S} \times \text{T}$$

Onde CT é a cota tributaria de cada suxeito pasivo, fixada en función dos seguintes parámetros:

a) €/m² básico: 16,63 euros/m²

b) CPM: Coeficiente de ponderación dos servizos móbiles respecto á totalidade de servizos de comunicacións prestados polo obrigado tributario. Exprésase nunha porcentaxe determinada para cada operador en función do seu número de liñas móbiles prepago e pospago sobre o total das súas liñas fixas e móbiles activas no concello á data de devindicación.

c) FCA: Factor de corrección do aproveitamento cifrado nun coeficiente de 0,30 aplicable a aqueles obrigados tributarios cuxo número de liñas móbiles prepago e pospago activas no Concello da Coruña non supere as 8000 liñas.

d) S: Superficie ocupada polo operador. Fixarase aplicando aos metros lineais de apertura de gabias ou canalizacións executadas polo obrigado tributario, o ancho de reserva marcado polo



Servizo de Infraestruturas do Concello para a instalación de rede de telecomunicacións que é como mínimo de 0,40 m² por cada metro lineal.

e) T: Tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial, expresado na unidade correspondente ao ano ou, no seu caso, fracción trimestral deste (1; 0,25; 0,5 ou 0,75).

2. Naqueles casos nos que o importe da cota tributaria, calculada consonte ao disposto no apartado anterior, dividido pola superficie ocupada polo obrigado tributario sexa igual ou exceda de 16,63 euros/m², o parámetro a que se refire a letra a) do apartado anterior será de 8,31 euros/m², e o cálculo da cota será o resultado de multiplicar a dita cantidade pola superficie e o tempo, non sendo de aplicación o factor FCA.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN DA TAXA

A presente taxa ten natureza periódica, devindicándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso privativo ou o aproveitamento especial, en que o período impositivo se axustará a estas circunstancias, rateándose a cota por trimestres naturais, completos, consonte ás seguintes regras:

a) Nos supostos de alta, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais que resten para finalizar o exercicio, computándose dende aquel en que se inicia a utilización privativa ou o aproveitamento especial.

b) Nos supostos de baixa, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais transcorridos dende o inicio do exercicio, computándose aquel no que se produce o cesamento da utilización privativa o o aproveitamento especial.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. Os obrigados tributarios deberán presentar, antes do 31 de xaneiro de cada ano, declaración comprensiva dos datos que a continuación se especifican, referidos todos eles á data de devindicación, a efectos de que pola Administración tributaria municipal se practique a liquidación anual que a cada obrigado tributario corresponda:

a) Número de liñas de telefonía móbil, prepago e postpago, activas no Concello da Coruña correspondentes a abonados con enderezo no termo municipal.

b) Número de liñas de telefonía fixa activas no Concello da Coruña correspondentes a abonados con enderezo no termo municipal.

c) Número de microceldas, repetidores ou elementos similares instalados no termo municipal.

d) Lonxitude da rede da súa propiedade que ocupe dominio público municipal no termo municipal da Coruña. No caso de non declararse a lonxitude tomarase como valor o 25% da lonxitude de eixos varios en solo urbano no Concello da Coruña.

O servizo de Planeamento do Concello da Coruña indica que a lonxitude de eixos viarios no solo urbano do termo municipal da Coruña é de 316.213,42 metros.

2. As liquidacións que se emitan en base a estes datos terán o carácter de provisionais ata que, realizadas as comprobacións oportunas, se practique liquidación definitiva ou transcorra o prazo de prescrición de catro anos contados dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación a que se refire o apartado 1 do presente artigo.

ARTIGO 8. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como as sancións que ás mesmas correspondan, aplicaráselle o disposto na vixente Lei xeral tributaria, e normativa regulamentaria que a desenvolva, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e no Regulamento de inspección do Concello da Coruña.